

**1- No procedemento administrativo, os prazos fixados en días, computaranse:**

- a) A partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate, ou desde o seguinte a aquel en que se produza a estimación ou a desestimación por silencio administrativo.
- b) A partir do día en que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate, ou desde o seguinte a aquel en que se produza a estimación ou a desestimación por silencio administrativo.
- c) A partir do día seguinte ao que se asine a resolución que pon fin á vía administrativa.
- d) A partir do primeiro día seguinte hábil.

**2- Os órganos directivos dependen dos Titulares de cada Área Municipal e o seu nomeamento corresponde a:**

- a) O Pleno a proposta da Xunta de Goberno.
- b) O Alcalde a proposta da Xunta de Goberno.
- c) Á Xunta de Goberno.
- d) Ao secretario municipal

**3- No Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, considérase falta grave dun funcionario:**

- a) Non facerse cargo voluntariamente das tarefas ou funcións que teñen encomendadas.
- b) O incumprimento das normas sobre incompatibilidades cando iso dea lugar a unha situación de incompatibilidade.
- c) As faltas graves serán establecidas por lei das Cortes Xerais ou da asemblea legislativa da correspondente comunidade autónoma.
- d) Faltar ao traballo inxustificadamente

**4- As competencias da Entidades Locais poderán ser:**

- a) Propias.
- b) Propias ou atribuídas por delegación.
- c) Básicas
- d) Establecidas polo Pleno

**5- Dos seguintes dereitos considérase un dereito fundamental na Constitución Española.**

- a) O dereito á educación.
- b) O dereito de asociación
- c) O dereito para portar armas
- d) a e b son correctas

**6- A quen considera empregados públicos o Texto refundido da Lei do Estatuto do Empregado Público?**

- a) Aos que exercen funcións administrativas ao servizo das Administracións Públicas.
- b) A quen desempeña funcións propias do persoal funcionario.
- c) A quen desempeña funcións retribuídas nas Administracións Públicas ao servizo dos intereses xerais.
- d) A todos os usuarios das administracións públicas

**7- Segundo o Texto refundido da Lei do Estatuto do Empregado Público cando poderán exercer os empregados públicos o seu dereito á formación continua e á actualización permanente dos seus coñecementos e capacidades profesionais?**

- a) Preferentemente en horario laboral.
- b) Exclusivamente en horario laboral.
- c) Sempre fose do horario laboral.
- d) Pactarase o horario

**8- A Constitución Española, no seu artigo 27 establece, entre outros aspectos:**

- a) Os poderes públicos garanten o dereito de todos á educación, mediante unha programación xeral do ensino, con participación efectiva de todos os sectores afectados e a creación de centros docentes.
- b) Os poderes públicos inspeccionarán e homologarán o sistema educativo para garantir o cumprimento das leis.
- c) Os poderes públicos filtrarán o acceso de todos os cidadáns á educación
- d) a e b son correctas

**9- Que actos administrativos teñen que ser motivados segun o art. 35 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:**

- a) Os acordos que se adopten de suspensión de actos, sempre que o motivo desta sexa de orde pública.
- b) Os que deban de selo en virtude de norma con rango de lei pero non regulamentaria.
- c) Os ditados no exercicio de potestades discrecionales.
- d) Todas as respostas son correctas.

**10- A Constitución Española foi reformada**

- a) No ano 1991
- b) Nos anos 1992 e 2011
- c) No ano 2009
- d) Nunca

**11- O dereito de reunión, poderase exercer:**

- a) Sempre sen autorización previa
- b) Con autorización previa en calquera lugar
- c) Unicamente en lugares de tránsito público
- d) Nunca

**12- Nun concello, o goberno e a administración municipal corresponden a:**

- a) O pleno municipais
- b) O alcalde e concelleiros
- c) Tenente Alcalde e a Xunta de Goberno
- d) Ningunha é correcta

**13- Segundo o Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia. Define centros de atención á infancia:**

- a) Aqueles establecementos de carácter diúrno e titularidade municipal, encadrados nos servizos sociais especializados dos concellos, que teñen como finalidade prestar unha atención de apoio aos pais, titores ou guardadores dos nenos e nenas entre 3 meses e 3 anos cando concorran situacións ou circunstancias que lles incidan o seu coidado.
- b) Equipamentos diúrnos de carácter educativo e asistencial, dirixidos ao sector infantil da poboación de ata 3 anos de idade, que teñen por obxecto o desenvolvemento harmónico e integral dos e as nenas, realizando ademais un importante labor de apoio á función educativa da propia familia á vez que facilitan o acceso dos pais ao mundo laboral.
- c) Aqueles equipamentos que, calquera que sexa a súa denominación, organizan o coidado dos nenos e nenas en lle seo dun grupo co fin de contribuír ao seu benestar e ao seu proceso evolutivo, facilitando a conciliación da vida laboral e familiar mediante o seu garda e custodia.
- d) Equipamentos que lles proporcionan durante o día a menores en situación de risco, desamparo ou conflito social, unha serie de servizos de apoio socioeducativo e familiar, co obxecto de favorecer o seu proceso de normalización

**14- Segundo o Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia. A proporción adulto/neno/a será como máximo:**

- a) Unidades para nenos e nenas menores de 1 anos: 1/9, Unidades de nenos e nenas de 1 a 2 anos 1/13. Unidades para nenos e nenas de 2 a 3 anos 1/20.
- b) Unidades para nenos e nenas menores de 1 anos: 1/8, Unidades de nenos e nenas de 1 a 2 anos 1/13. Unidades para nenos e nenas de 2 a 3 anos 1/15.
- c) Unidades para nenos e nenas menores de 1 anos: 1/8, Unidades de nenos e nenas de 1 a 2 anos 1/10. Unidades para nenos e nenas de 2 a 3 anos 1/20.
- d) Grupos formados por nenos de idades comprendidas no tramo 0-3: 1/15.

**15- A teoría da aprendizaxe social, pola que os nenos e nenas adquiren comportamentos adecuados por observación, vendo a outros actuar, foi elaborada por:**

- a) Piaget
- b) Bandura
- c) Kohlberg
- d) Sully

**16- Segundo a Asociación Española de pediatría, Cantas horas aproximadas de sono son necesarias para os nenos e nenas entre 1 a 3 anos?**

- a) sobre 7 horas
- b) sobre 9 horas
- c) sobre 12 horas
- d) sobre 4 horas

**17- Un problema de soño nos nenos e nenas interfere en:**

- a) no desenvolvemento físico, comportamental e emocional
- b) as necesidades óptimas de soño imprescindibles no desenvolvemento e crecemento normal, a saúde emocional e psicolóxica e unha correcta función inmune.
- c) No rendemento académico e a atención
- d) Todas son correctas

**18- A secuencia de adquisición da continencia segue o patrón seguinte:**

- a) urinaria diúrna, urinaria nocturna, fecal nocturna, fecal diúrna
- b) Fecal nocturna, fecal diúrna, urinaria diúrna, urinaria nocturna
- c) Urinaria nocturna, urinaria diúrna, fecal nocturna, fecal diúrna
- d) Urinaria diúrna, fecal nocturna, fecal diúrna, urinaria nocturna

**19- A Organización Mundial da Saúde recomenda respecto a a alimentación dos nenos e nenas:**

- a) inicio inmediato da lactación materna na primeira hora de vida.
- b) lactación exclusivamente materna durante o primeiros seis meses de vida.
- c) introdución de alimentos complementarios seguros e nutricionalmente adecuados a partir dos seis meses, continuando a lactación materna ata os dous anos ou máis.
- d) Todas son correctas

**20- O apego é un vínculo correspondente ao desenvolvemento:**

- a) Afectivo – Social
- b) Cognitivo – Social
- c) Cognitivo
- d) Motor

**21- Segundo a teoría de Piaget, o desenvolvemento cognitivo do bebé realízase a través de:**

- a) Un proceso de asimilación e acomodación
- b) un proceso de asimilación e estimulación
- c) Un proceso de estimulación e acomodación
- d) Ningunha das anteriores

**22- A que idade a maioría dos nenos e nenas son capaces de sentar sen apoios?**

- a) Sobre os 5 meses
- b) Sobre os 7 meses
- c) sobre os 9 meses
- d) Ao ano.

**23- No xogo simbólico, segundo Piaget:**

- a) baséase na exploración do novo
- b) Reproduce unha imitación sistemática
- c) o neno ou nena actúa coma se fose outra persoa, ou noutra situación diferente ao real
- d) Ningunha é correcta

**24- A psicomotricidade fina:**

- a) Establece a coordinación óculo-manual
- b) Establece o control psicomotor dos músculos da man
- c) establece o control psicomotor das grandes masas musculares
- d) Todas as anteriores

**25- O xogo heurístico, desenvolto por E. Goldschmied, é unha actividade ludica destinada principalmente a nenos e nenas:**

- a) de 12 a 24 meses
- b) de 18 a 30 meses
- c) de 24 meses a 3 anos
- d) de 2 anos e medio a 4 anos

**26- O período de adaptación para os menores de primeiro ciclo da Escola Infantil**

- a) Será a familia exclusivamente o tempo da adaptación
- b) Os nenos e nenas se incorporarán co seu horario habitual
- c) Estableceranse dous meses de duración deste período
- d) a incorporación farase de forma gradual e flexible

**27- Segundo Durán (1988) dentro dos contos de fórmula atopamos**

- a) Contos acumulativos ou seriados
- b) Adiviñas
- c) contos de costumes
- d) Tralalinguas

**28- Segundo Ana Pelegrín os contos de fórmula son apropiados para nenos de:**

- a) 0 a 2 anos
- b) 2 a 5 anos
- c) 4 a 6 anos
- d) 5 a 8 anos

**29- Ante unha hemorraxia nasal, Que debemos facer?**

- a) sentar ao neno ou nena inclinando a súa cabeza cara adiante
- b) Inclinar a cabeza do neno ou nena cara atrás para que non salga sangue
- c) Axudar ao neno para soarse con forza o nariz para que non se forme coágulo
- d) Taponar con algodón ou gasa.

**30- Cal destas afirmacións correspóndese coa teoría sobre a adquisición da linguaxe de Piaget:**

- a) o pensamento antecede á linguaxe
- b) Existe un factor innato que determina a adquisición da linguaxe
- c) Existe capacidade innata para o linguaxe pero necesita interactuar co ambiente
- d) Non pode existir pensamento se non hai linguaxe

**31- Segundo o DSM-5, un criterio diagnóstico para a pica é:**

- a) a necesidade imperiosa do neno de beber calquera líquido
- b) a devolución do alimento parcialmente dixerido á boca, tragándoo novamente e deixando derramar parte do contido fóra da boca

- c) A inxestión persistente de substancias non nutritivas e non alimentarias durante un período mínimo dun mes. Sendo inapropiada ao grao de desenvolvemento do individuo
- d) a realización de xogos fecais.

**32- a organización do tempo na Escola Infantil é un factor de gran influencia na adquisición de hábitos e rutinas dos nenos e nenas. Por ese motivo debe:**

- a) Ser inflexible
- b) Romper cos ritmos e necesidades infantís que o neno trae de casa
- c) Seguir secuencias diferentes cada día e non resultar monótono
- d) Respetar os ritmos biolóxicos

**33- A sexualidade infantil caracterízase por:**

- a) buscar o goce sexual nos outros
- b) a existencia dun obxecto sexual
- c) Basearse na exploración e observación do propio corpo
- d) non existen mecanismos de resposta sexual, aparecen na puberdade

**34- . Segundo o artigo 21 do Decreto 329/2005 do 28 de xullo, os centros de atención á infancia clasifícanse en:**

- a) Escolas infantís 0-3, puntos de atención á infancia e espazos infantís.
- b) Escolas infantís 0-6, puntos de atención á infancia e espazos infantís.
- c) Escolas infantís 0-3, puntos de atención primaria e espazos infantís.
- d) Garderías infantís 0-3, puntos de atención á infancia e espazos infantís.

**35- Segundo o Decreto 329/2005 do 28 de xullo polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, a dirección pedagóxica dunha escola infantil 0-3 recaerá nalgún dos membros do persoal coa seguinte titulación:**

- a) Licenciado/a en pedagogía ou psicopedagogía.
- b) Mestre/a especialista en educación infantil ou equivalente.
- c) Técnico superior en educación infantil ou equivalente.
- d) Licenciado/a ou mestre/a especialista en educación infantil ou equivalente.



**36- Segundo o Decreto 329/2005 do 28 de xullo, as escolas infantís 0-3 deberán reunir os seguintes requisitos materiais:**

- a) Contar cunha sala por cada unidade cunha superficie de 2 m por neno/a e un mínimo de 30 m. As salas destinadas a nenos/ as menores de 2 anos dispoñerán de áreas diferenciadas para o descanso e a hixiene.
- b) Dispoñer dun patio exterior de xogos de uso exclusivo do centro, cunha superficie mínima de 50 m. Esta superficie incrementarase en 25 m por cada 3 novas unidades ou fracción.
- c) Contar cun aseo con 2 lavabos e 2 inodoros por cada sala destinada a nenos/ as de 2 a 3 anos que deberá ser visible e accesible desde esta.
- d) Todas son correctas.

**37-.Segundo a Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación, a educación infantil:**

- a) Constitúe a etapa educativa con identidade propia que atende a nenas e nenos desde o nacemento ata os seis anos.
- b) Ten a finalidade de contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social, cognitivo e artístico do alumnado, así como a educación en valores cívicos para a convivencia.
- c) É unha etapa educativa de carácter obrigatorio.
- d) A e B son correctas.

**38-Que normativa autonómica regula o currículo de Educación Infantil en Galicia?**

- a) Decreto 426/1991, do 12 de decembro.
- b) Decreto 330/2009 do 4 de xuño
- c) Decreto 86/1999, do 11 de marzo
- d) Real Decreto 1630/2006, do 29 de decembro

**39- Para favorecer a separación transitoria dos nenos e nenas coas súas figuras de apego, durante os primeiros días de adaptación á Escola Infantil podemos:**

- a) Permitir que traia o seu xoguete favorito, algo que lle sexa familiar.
- b) Favorecer que a nai permaneza durante toda a xornada xunto ao seu fillo/a en a Escola Infantil os 3 primeiros días.
- c) Evitar que traia algún obxecto de casa que lle lembre á súa contorna familiar e fágalle chorar.
- d) Ofrecerlle un espazo illado para que descargue as súas emocións.

**40- Para a transmisión da información de carácter xeral aos pais utilizaranse:**

- a) Entrevistas individuais.
- b) Contactos informais diarios.
- c) Reunións grupais.
- d) Cuestionarios.

**41- Segundo F. López (1990), cal dos seguintes procesos queda implicado no desenvolvemento social:**

- a) Procesos de interacción social.
- b) Procesos afectivos de socialización.
- c) Procesos de aprendizaxe social.
- d) Procesos de desenvolvemento de socialización.

**42- Segundo a Asociación Española de Pediatría, xeralmente un bebé vai ir emitindo sílabas ben diferenciadas (“ ma”, “ ba”, “a”, “ pa”) a partir de:**

- a) 14 meses
- b) 12 meses
- c) 3 meses
- d) 8 meses

**43- Segundo a Asociación Española de Pediatría, ata canto pode crecer un neno ou nena no seu primeiro ano de vida?**

- a) 8 cm.
- b) 10 cm.
- c) 20 cm.
- d) 25 cm.

**44- Segundo a Asociación Española de Pediatría, unha das medidas específicas que se debe adoptar para previr a síndrome de morte súbita do lactante ( SMSL) é:**

- a) Deitar ao bebe sempre boca arriba.
- b) Utilizar almofadas ou obxectos para elevar a cabeza.
- c) Abrigar en exceso ao bebé e comprobar que a temperatura ambiente sexa alta.
- d) Non dar o peito.

**45- Quen é considerado o pai da psicoloxía evolutiva?**

- a) Vigostky
- b) Piaget
- c) Bandura
- d) Sully

**46- Cal das seguintes enfermidades infantís máis frecuentes non é unha enfermidade infecciosa?**

- a) Sarampelo
- b) Escarlatina
- c) Miñocas
- d) Varicela

**47- Cando un/a neno/a alcanza unha temperatura entre de 37º e 38º ten:**

- a) Febrícula
- b) Febre moderada
- c) Febre alta
- d) Febre moi alta

**48- Segundo a Asociación Española de Pediatría, no momento do cambio do cueiro, a sucidade arrástrase cara a:**

- a) Diante, a zona xenital
- b) Atrás, o ano
- c) Os lados, as ínguas
- d) Todas son incorrectas

**49- O currículo no noso sistema educativo é:**

- a) Aberto e descentralizado
- b) Pechado e oculto
- c) Aberto e centralizado
- d) Centralizado e explícito

**50- Dentro das funcións do educador infantil considérase correcto:**

- a) Organizar os recursos para o desenvolvemento da actividade
- b) Avaliar o proceso de intervención co fin de posible mellora.
- c) A e B son correctas
- d) A e B son incorrectas

**PREGUNTAS DE RESERVA:**

**1- O gateo e a reptación son actividades de:**

- A) Psicomotricidade fina
- B) Psicomotricidade grossa
- C) Elaboración do esquema corporal
- D) Todas as anteriores son correctas

**2- As necesidades educativas especiais poden ser debidas a:**

- A) Necesidades especiais asociadas á súa historia educativa e escolar.
- B) Condicións persoais de sobredotación
- C) Discapacidade física, motora ou sensorial
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

**3- O neno é capaz de seguir un obxecto coa vista desde:**

- A) O primeiro mes
- B) O segundo mes
- C) O terceiro mes
- D) O cuarto mes

**4- Segundo Freud, cal das seguintes etapas da personalidade corresponde ao período de 0 a 3 anos:**

- A) Etapa de latencia
- B) Etapa fálica
- C) Etapa anal
- D) Fase xenital